

O XARDÍN DO CENTRO COMO RECURSO EDUCATIVO

BASCOY CASAS, José Angel
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Rafael
IES "Eduardo Blanco Amor" de Ourense

Esta actividade vense desenvolvendo no Instituto Blanco Amor de Ourense dende o ano 1993 e, aínda que inicialmente estaba pensada para a parte de botánica da asignatura de Ciencias Naturais de 1º de BUP, puido adaptarse con éxito ao temario de 1º de E.S.O. e, de feito, tamén pode aplicarse ao temario de cursos posteriores; só é cuestión de ser máis rigurosos e esixir algúns conceptos máis complexos. O proxecto pretende achegarlle aos alumnos os coñecementos básicos sobre botánica.

Convén ter en conta varios aspectos que xustifican a actividade:

- 1- O noso instituto atópase nun medio urbano e, polo tanto, non é tan frecuente para os alumnos atoparse coas especies de árbores silvestres máis comúns.
- 2- Nas fases iniciais fixéronse test de preconceptos que amosaron un increíble descoñecemento, por parte do alumnado, das características das nosas principais especies vexetais: a localización no tempo da floración e da fructificación, a relación entre flores, sementes e froitos, os cambios experimentados nos ciclos estacionais, etc.
- 3- Os órganos vexetais (flores, froitos, talos, follas, etc) e maila súa fisioloxía son cousas que a maioría dos nosos alumnos coñecen só mediante os libros de texto e que aprenden de cara aos exames, pero que están case completamente desconectados da realidade, o cal suxire que non os poden interiorizar correctamente e construír novos aprendizaxes a partir dos mesmos.

O desenvolvemento da actividade e o seguinte:

- 1- Unhas poucas clases teóricas, o máis gráficas posible, no que lles ensinan os principais elementos e a xerxa típica da botánica: a diferenza entre Ximnospermas e Anxiospermas, Monocotiledonias e Dicotiledonias, froitos secos e carnosos, follas simples ou compostas, a forma dos bordes das mesmas, o tipo de nerviación, os tipos de flores, etc.
- 2- Realízanse varias saídas guiadas ao xardín ao longo do ano. Os alumnos deben tomar nota das características de cada árbore (temos unas 50 especies diferentes entre os xardíns e os arredores máis inmediatos do noso centro).
- 3- Os alumnos deben completar unha ficha para cada árbore na que se detallen as características das mesmas. Poden facer grupos e dividirse o traballo.

- 4- Unha vez completadas as fichas, débenas reunir nunha carpeta e entregala. O profesor corraxirá as carpetas e logo fará un exame, utilizando fotografías ou diapositivas, debendo os alumnos recoñecer as principais especies amosadas.

O desenvolvemento da actividade ao longo do ano persegue a observación de varias cousas:

- **No outono:** vaise estudar o froito e o comezo da caída das follas.
- **No inverno:** vanse estudar as Ximnospermas e as Anxiospermas perennifolias.
- **Na primavera:** vanse observar as flores e a saída das primeiras follas nas plantas caducifolias.

Para facilitar o traballo de indentificación, cada árbore do noso xardín presenta, ao seu pé, unha pedra (unha cuarcita grande procedente do río Miño) co nome común da mesma. De cando en vez repintamos os nomes, xa que se van borrando coa chuvia, o sol e a exposición á intemperie.

Os resultados, tralo remate da actividade, adoitan amosar unha aprendizaxe considerable, por parte do alumnado, sobre os ciclos vitais das plantas e unha identificación correcta de varias ducias de especies habituais. Estamos moi satisfeitos da mesma e pensamos que se pode adaptar a outros centros sen demasiados problemas. Nin sequera é necesario ter un xardín semellante ao noso, basta con utilizar algún dos parques que existen en todas as cidades.